

**Promoción da alimentación saudable na infancia****A FUNDACIÓN EROSKI E UNILEVER POÑEN EN MARCHA UNHA NOVA EDICIÓN DE *IMAGINE FOOD***

- Escolares de entre 6 e 12 anos poden participar dende hoxe neste concurso de debuxo

**Elorrio, 19 de outubro do 2015.-** A [Fundación EROSKI](#) pon en marcha hoxe a segunda edición de "[Imagine Food](#)", un concurso de debuxo dirixido a escolares de entre 6 e 12 anos. A proposta busca concienciar o alumnado, o profesorado e mais os pais da importancia que ten a alimentación na saúde e demostrar que comer san pode ser saboroso e divertido. O concurso conta nesta nova edición coa colaboración de [Unilever](#).

*"A boa acollida da primeira edición de Imagine Food animounos a poñer en marcha de novo a experiencia. Para a Fundación EROSKI educar en alimentación saudable os máis pequenos é un obxectivo primordial e cremos que o mellor xeito de facelo é a través de actividades lúdicas como este concurso",* sinalou Alejandro Martínez Berriochoa, director da Fundación EROSKI. Máis de 500 escolares participaron na primeira edición do concurso.

*"Dende Unilever cremos que Imagine Food ofrece unha estupenda plataforma para que os máis cativos aprendan a comer de xeito equilibrado. Propoñémoslles que creen receitas que teñan a maionesa como protagonista. Deste xeito aprenden a aproveitar a gran variedade de sabores, cores e texturas que ofrece este alimento para crear pratos equilibrados, apetecibles e divertidos,"*, indicou Ana Palencia, directora de Comunicación de EROSKI.

Os centros escolares que queiran participar poden consultar as bases legais na páxina web [imaginefood.escueladealimentacion.es](http://imaginefood.escueladealimentacion.es) e rexistrarse, de maneira totalmente gratuíta, para enviar os seus debuxos dixitalizados (jpg, gif e png). O xurado, formado por representantes da Escola de Alimentación EROSKI, cociñeiros profesionais e membros do Basque Culinary Center, seleccionará os 30 concursantes finalistas. Os novos participantes rexistrados na páxina web poderán daquela votar de entre estes os seus 10 favoritos. Posteriormente, o xurado determinará os tres debuxos gañadores.

---

**EROSKI**Dirección de Comunicación Corporativa  
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)**EROSKI - OFICINA DE PRENSA  
CONSEJEROS DEL NORTE**ZIORTZA BERISTAIN  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

O criterio para a selección dos tres debuxos gañadores basearase na orixinalidade, na estética e na idoneidade desta receita para formar parte dun menú equilibrado. *"Os debuxos finalistas do concurso serán levados do papel aos fogóns polo cocinheiro Peio Gartzia, que novamente se encargará de facelos realidade e convertelos nuns deliciosos e saudables pratos. Ademais, estas receitas finalistas incluíranse nun libro"*, detallou o director da Fundación EROSKI.

Haberá un gañador por cada ciclo de Estudos de Primaria (1º, 2º e 3º ciclo) e premiaranse os alumnos gañadores e mais os seus centros escolares. Aos alumnos alumnos gañadores entregaráselles cadansúa bicicleta e cada colexio recibirá 2.000 euros para inverter na mellora das súas instalacións.

### **Cuarta edición do Programa Educativo "Energía para Medrar"**

Este concurso forma parte das actividades que acompañan o lanzamento da cuarta edición do Programa Educativo sobre Alimentación e Hábitos Saudables (PEAHS) da Fundación EROSKI. Na súa última edición (2014-2015) o programa triplicou practicamente o número de participantes, con máis de 70.000 escolares inscritos de 900 escolas de toda España.

As escolas interesadas en participar no PEAHS durante o curso 2015-2016 xa se poden inscribir a través de [www.escueladealimentacion.es](http://www.escueladealimentacion.es) ou no teléfono de atención 94 6072841.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

ZIORTZA BERISTAIN  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)